



30

O Chanqueiriño dá Pura
ben se che pod'alabar
que lle ghardaron o loito
antes de o enterrar
fixeronll'un ato
ghracias no misal.

- Fixéronlle un acto pensando que morrera.

[Unha nout'] indo prá fonte
troupezou a nai con ela
dódemo falä lle dou
non quería Manuela
chamaba por Lina
com'onha cadela.

Había escollío da millore
e lovou a que quería
pedindollo de favor
a pra rexistrá-la... dereitor-e.

Tén unha leira en Suhortä
tén unha man moi lixeira
ninquén o quer de pärceiro
metes'en cälquerä leira
prä facé-los cartos
prós porcos dä feira.

Tén unha leirä en Suhorta
de par da do 'studiante
por non se quedar de corto
falall'ás vacas pra diante
qué cara de mona
mira que é moinante.

Comprou unhä leirä 'n Regho
que lle custou trinta pesos
ä leira tén posesión
e quer'os levar presos
os homes tramposos
mirad'o que fanhe.



É un home moi sabido
non sabe máis ca rezare
un día foi pró ferreiro
tropezou con sete cans
coa rabia mansa
e tornounos cas mans-e.

Cheghou a cas do ferreiro
contoull'o conto do can-he
e päsou o día enteiro
con media libra de pan
os homes tramposos
mirad'o que fan-he.

Tén unha chousa en Montoio
de par dā de Celestino
e que lla desfrencease
qu'a chousa tiñ'alghún pino
chäqueta de celpa
traxe de marino.

... que fala delä
el di que fui burr' abondo
que xa lla comprabä i-antes
Pena de Porto de Fondo
qu'indä é testigo
Andrés do Rodondo.

... case
tén que mirá-lo que fai-e
que a desherdou de fillä
ä defuntiña da nai
tén que päsar penas
se inferno hai-e.

Anque tén pouquiñäs leiras
té-nas mui ben äbonadäs
ench'o cabazo de millo
e sete cargas de fabas
pasän polas leiras
xa tán äpäñadas.

... cun capitale
como catorce raiales
tiña lentellas a boas, ¡upa!
padeecía dos sous males.

- *Esa era a porca que comprou cos cartos do adival.*

O carnaval foi päsando
e i-a porcä n'a comprou
ha de comprar pa coresmä, ¡upa!
o carnaval xa pasou.

Cheghou o Chänqueir' á casa
o día de cuarta feira
dicindo que non comprara, ¡upa!
porque non tiña maseira.

O Chänqueiriño pequeno
a mái-la filla máis nova
anduv'en tódä-las feiras, ¡upa!
para comprar unha porca.

- *Era unha burra.*

- *Era unha porca.*

Tén tíos en Sän Antonio
Santa Bai' e Vilaverde
tamén os téñ en Sofán-he, ¡upa!
dádab'a tanto parente.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades